



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE OURENSE PARA AS OBRAS DE REFORMA E ADAPTACIÓN DA ALAMEDA DA PONTE EN OURENSE .**

**Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2018**

**REUNIDOS**

Dunha parte, a Sra. D<sup>a</sup>. Beatriz Mato Otero, Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte o Sr. D. Jesús Vázquez Abad, Alcalde - Presidente do concello de Ourense, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

**EXPOÑEN**

**I.- O Concello de Ourense (Ourense) trata de promover unha actuación consistente na “reforma e adaptación da Alameda da Ponte en Ourense”.**

Trátase da reforma e o acondicionamento do espazo denominado “ALAMEDA DA PONTE” caracterizada ben por un acusado abandono dentro do crecemento dirixido da cidade en beneficio doutros espazos máis recoñecidos, ben polas características da ordenación actual con clara necesidade de uso e desfrute dos veciños das mesmas tanto na comunicación e accesibilidade peonís como nun marco baseado no descanso urbano dentro do tempo de ocio dos mesmos.

É esta unha acción dirixida á preparación para o desfrute dentro dun marco baseado no establecemento do uso peonil da praza. Trátase da recuperación do espazo denominado “ALAMEDA DA PONTE”, sendo unha zona con necesidade clara de acondicionamento, fundamentalmente na zona oeste, que forma cuberta axardinada das propiedades (baixos comerciais) existentes na súa parte inferior, con grandes problemas de filtración de auga, con necesidades de reparación e/ou substitución e a consolidación do elemento da cornixa e balaustrada, así como solución da protección regulamentaria fronte a posibles caídas, así como diversas actuacións encamiñadas á reparación de instalacións, equipamentos e mellora das condicións de accesibilidade (Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e a Orde VIV/561/2010, do 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados).





**II.-** A actuación, pola súa finalidade, forma parte dunha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: **“Posta en valor do plan hURBE en colaboración coas entidades locais da Comunidade Autónoma”**.

No proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, aprobado por acordo do Consello da Xunta do 19 de outubro de 2017, figura consignación orzamentaria adecuada para acometer a actuación. A competencia para o desenvolvemento destas actuacións, está contemplada no apartado m) do artigo 10º.1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería *“A realización de actuacións de mellora de contornas urbanas, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial”*.

**III.-** Polo exposto, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, no exercicio das súas competencias, e o concello de Ourense, no exercicio das que lle atribúe a súa lexislación específica, manifestan a súa vontade de formalizar unha colaboración, para abordar a execución das obras citadas, a través dun convenio que se estrutura nas seguintes

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. OBXECTO


O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o concello de Ourense, que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras consistentes na **“reforma e adaptación da Alameda da Ponte en Ourense”**.

### SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Ourense comprométese a:

**1.-** Poñer a disposición da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira, así como a reposición de servizos e servidumes. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.

**2.-** Levar a cabo as actuacións consistentes na redacción dos documentos técnicos que definan as obras a executar. Prestarlle a aprobación aos indicados documentos nun prazo máximo de 15 días, contados dende a data de requirimento, así como á remisión de todos aqueles informes que resulten precisos para a licitación e contratación das obras. Noutro caso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos no presente Acordo, sen mais trámites que a comunicación ao concello.







- 3.- Asumir, unha vez realizadas as obras, e logo da comunicación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a explotación e conservación das mesmas.
- 4.- Antes da sinatura do presente convenio, o concello deberá achegar ao órgano de contratación da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os compromisos a que fan referencia os apartados 1, 2 e 3 anteriores.
- 5.- O concello, como trámite previo á licitación das obras, aportará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos, nos termos do apartado 1 precedente.

### TERCEIRA. COMPROMISOS DA XUNTA DE GALICIA

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, asume os seguintes compromisos:

1.- Financiar a execución das obras segundo as prescricións do proxecto, destinando para isto, con cargo á aplicación 07.04.521A 607.1, **douscentos sesenta e tres mil catrocentos oitenta e tres euros con setenta e sete céntimos (263.483,77 €)**, na anualidade de 2018.

2.- Levar a cabo, as actuacións consistentes na contratación da execución e dirección das obras, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización conforme aos proxectos aprobados e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado no artigo 235 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de proxectos modificados, complementarios, revisións de prezos e proxectos de liquidación ata que as construcións merezan a plena conformidade da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello de Ourense para a súa incorporación ao servizo e uso público.

3.- Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, esta poñerá en coñecemento do concello de Ourense, entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga asumida polo concello na cláusula segunda 3) precedente, sen prexuízo da posterior formalización da correspondente acta de entrega.

### CUARTA.- TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO EXPEDIENTE DE GASTO

Por acordo do Consello da Xunta do 19 de outubro de 2017, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018.





## QUINTA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

## SEXTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO.

Para o impulso e seguimento das accións establecidas no presente convenio, créase unha Comisión, integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente acordo. Formarán parte pola consellería, a persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo ou persoa en quen delegue, e a persoa titular do Servizo de Obras e Supervisión de Proxectos; o concello estará representado polo Alcalde ou persoa en quen delegue e o concelleiro responsable de obras e/ou infraestruturas.

## SETIMA.- INTERPRETACIÓN E NATUREZA

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, poñendo así fin á vía administrativa.

2.- O presente convenio ten natureza administrativa e tramítase ao abeiro do Decreto 246/1992 do 30 de xullo, polo que se regulan determinadas condicións da execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais ou outros entes de dereito público. A xurisdición contencioso-administrativa será competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia do mesmo.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, aplicándoselle os principios do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro, para resolver as dúbidas e lagoas que poidan presentarse (artigo 4.2).

## OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do convenio:

- a) O cumprimento do seu obxecto
- b) O incumprimento de calquera das cláusulas.
- c) A inviabilidade da realización das actuacións descritas no mesmo por causas non imputables ás partes.
- d) O incumprimento de carácter temporal ou parcial de calquera das cláusulas do mesmo. Entenderase por incumprimento parcial, aquel que implique en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto o desenvolvemento das actuacións previstas.





e) A denuncia, por calquera das partes, por razóns de interese público.

#### NOVENA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

#### DÉCIMA.- VIXENCIA

O presente convenio producirá efectos a partir da data da súa sinatura e estará vixente ata o 31 de decembro de 2018, sen prexuízo da autonomía da vontade das partes asinantes para efectuar addendas ao mesmo aos efectos que, no seu caso, requira a execución das actuacións que constitúen o seu obxecto. Non obstante manterase ata a entrega das obras ao concello de Ourense nos termos establecidos na cláusula terceira. Así mesmo, seguirá producindo efectos en tanto non se liquiden as obrigas que puideran quedar pendentes.

E en proba de conformidade asinan o presente documento por triplicado exemplar no lugar e data do encabezamento.

POLA XUNTA DE GALICIA

A conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Beatriz Mato Otero

POLO CONCELLO DE OURENSE

O alcalde

Jesús Vázquez Abad